

A escola municipal de cerámica, en colaboración co Concello de Nigrán e o Obradoiro de Cerámica dá Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, celebrará a partir do próximo 23 de xaneiro as V Xornadas Audiovisuais sobre Cerámica. O ciclo de proxeccións, que terán lugar no Centro Antena (Panxón) ás 19.00 horas, prolongarase até o próximo mes de maio.

A primeira emisión será un vídeo de nacionalidade israelí cunha duración de 60 minutos baixo o nome **Unto thy land** (2007), de Silvina Landsmann.

A seguinte quenda é unha creación española, de Lola Barreira e Iñaki Peñafiel, de 2006, co título de **Que tes baixo o chapeu?**, que se emitirá o 16 de febreiro.

As proxeccións do 20 de marzo abordarán a olaría, con **A olaría de Nijar** (Mathew Weir, España, 2009) e **Olaría mudéjar** (Fernando Malo, España, 2009).
Tougei non mori (Suíza, 2000, Violett Fassbaender) o 25 de abril e
Malformance performance (2007, Croacia) e
Kamasutra (Francia, 1995) pecharán o 10 de maio a quinta edición deste certame.

Máis información e programación no blog da escola de cerámica - La Barbotina